

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN SESIÓN VINTE DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa do Concello de Valdoviño, no día vinte de maio de dous mil dezaseis, réunese a Corporación de Valdoviño en primeira convocatoria, ás vinte horas para celebrar a sesión ordinaria deste día, que presidiu o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández e á que acudiron:

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obrero Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ
SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ
BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ
JESSICA SABIN FERNÁNDEZ
ALEJANDRO ANTONIO GARCIA SOUSA

Partido Popular- PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO
ESTEBAN GARCÍA ALONSO
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Non asistentes:

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

Asistidos da secretaria municipal dona Carlota González Navarro e da interventora do concello dona Gema Leal Insua: O Sr. González Fernández fai a presentación desta funcionaria interventora ao Pleno e dáselles a benvida.

Declárase polo Sr. Alcalde – Presidente aberta a sesión, e con arranxo á Orde do día trátanse os seguintes asuntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN 15.04.16 (ORDINARIA).

O Sra. García Alonso manifesta non estar debidamente recollida a súa intervención no debate da moción do PSOE, referente á Lei do Solo de Galicia, dicindo que o que quixo expresar foi que non entende a que se deben as modificacións propostas porque xa estaban contempladas nas anteriores leis. Aceptase a súa observación.

Sometido o borrador da acta a votación, trala observación precitada,

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, prestou aprobación ao borrador citado.

2º.- APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 9/2016, MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.-

/Proposta ditaminada favorablemente na comisión informativa de Planificación territorial e Xestión Administrativa o día 16.05.16/:

PROPOSTA DO ALCALDE:

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO: NÚM DE EXPEDIENTE 9/2016 FINANCIADO CON BAIXAS DE CRÉDITOS NOUTRAS APLICACIÓNS.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPÓNSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario co núm: 9/2016

- Aprobación do crédito extraordinario na aplicación orzamentaria que se sinala de seguido, por importe total de **128.098,87 €**.
-

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
160 609 00	Alcantarillado/Saneamento. Infraestructuras novas	128.098,87 €
TOTAL		128.098,87 €

- Financiamento procedente de baixas de crédito noutras aplicacións orzamentarias

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
920 216 00	Administración xeral. Equipos procesos de información.	10.000,00 €
920 226 04	Administración xeral.Xurídicos e contenciosos	95.000,00 €
920 227 99	Administración Xeral. Traballos realizados por outras empresas	23.098,87
TOTAL		128.098,87€

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Valdoviño, 12 de maio de 2016

O Alcalde

Alberto González Fernández”

Indica o Sr. Alcalde que esta proposta de modificación de crédito, tratouse na comisión e invita aos grupos a intervir, manifestando estes que non teñen nada que obxectar.

O Pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes aprobou a proposta de Alcaldía, de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 9/2016.

Votan a favor os concelleiros dos grupos PSdeG-PSOE (6), PP (4). Total: 10 votos.

Abstense o concelleiro de CENVAL (1) e o de UNIDOS POR VALDOVIÑO (1).

Votos en contra: ningún.

(II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA. RELACIÓN NÚM. 04/2016.-

134	06-04-16	Aprobación da suspensión temporal do servizo de Axuda no fogar á usuaria R.P.R. en base ó informe da traballadora social do Concello.
-----	----------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

135	07-04-16	Concedéselle ao funcionario S. M. P. os días: 18,19, 20, 25,26 e 27 de abril de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015)
136	07-04-16	Aprobase o gasto e autorízase o pagamento que a continuación se relaciona de indemnización asistencia a tribunais; conforme se detalla no propio decreto. Importe total 605,88 euros
137	08-04-16	Concedéselle á funcionaria MC. L. R. o día 11 de abril de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015)
138	08-04-16	Resolución da autorización da actividade solicitada por parte de F.E.F.D como representante da Asociación de Veciños As Chaves de Loira: reunión socios e invitados e comida popular.
139	11-04-16	Concedéselle á funcionaria MR. T. R. os días: 14, 15, 20, 21, 22,27, 28 e 29 de abril de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015)
140	11-04-16	Convocatoria sesión ordinaria do pleno da Corporación do 15.04.16
141	11-04-16	Decreto bases xerais e específicas para a contratación por concurso- oposición, dun técnico deportivo en réxime laboral temporal.
142	12-04-16	Prorrogando o nomeamento do funcionario S. M. P. como interventor accidental dende o 12 de abril ata o 30 de abril de 2016, nomeado en decreto 119/2016.
143	12-04-16	Aprobando expediente de modificación de créditos (Xeracións de créditos); Total: 1303,28€.
144	12-04-16	Aprobación do expediente de modificación de créditos do vixente orzamento do ano 2016, prorrogado do 2014 nº 6/2016. Importe total 180.671,58 euros
145	12-04-16	Concesión ao petionario J.M.G da tarxeta de estacionamento de persoas con minusvalía.
146	12-04-16	Aprobación dos gastos e autorización dos pagamentos contidos nas relacións anexas á presente resolución baixo os números de relacións contables O/2016/37 a O/2016/41 por un importe bruto de 34.480,19€/mes. Aprobado o gasto das seguintes facturas (41.16),(7070185456),(7000071416) por un total 373,76€
147	12-04-16	Concedéselle ao funcionario S.M. P. o día 13 de abril de 2016, coma permuta do día 20 de abril de 2016 solicitado, coma asuntos propios o pasado 07/04/2016- rexistrado de entrada baixo o nº 1128.

148	13-04-16	Apertura dun expediente de investigación para determinar a lonxitude do camiño municipal que discorre polo linde este na parcela nº 756 do Proxecto de Parcelación Presentado. Suspende a resolución de solicitude de licenza de parcelación mentres non finalice dita investigación e recaia resolución da mesma.
149	13-04-16	Aprobación e redución da alta no servizo de axuda ao fogar a C.Y.L de 10 horas/mes ata 45 a partir do 13 de abril, en base ao informe da traballadora social do Concello.
150	13-04-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 14.04.16.
151	13-04-16	Concedéselle a funcionaria M C. L. R. os días 15 e 21 de abril de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015)
152	14-04-16	Decreto de desestimación de recurso de reposición en materia de trafico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. Expediente: 12682/2015.
153	14-04-16	Aprobación e reanudación do servizo de axuda no fogar a R.P.R coas mesmas características que foran recoñecidas inicialmente (25,8 horas/mes) a partir do 15 de abril, en base ao informe da traballadora social do Concello.
154	14-04-16	Autorización da actividade solicitada por parte de Circo Roy Cardinaly, de acordo á documentación entregada en datas 28.03.16 e 12.04.16 e o informe da oficina técnico urbanístico de data 14.04.16.
155	15-04-16	Aprobación expediente de modificación de crédito (transferencia de crédito) nº 7/2016.- Importe total 1.592,36€
156	15-04-16	Concedéselle a funcionaria MA. E. V. os días: 18 ó 21 e o 26 e 27 de abril de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015)
157	15-04-16	Aprobación da alta de SAF proposta pola traballadora social á usuaria Mª.C.T.B cunha prestación de 45 horas ó mes e cunha cota de 4,71€/hora, a partir do 18 de abril de 2016.
158	15-04-16	Concesión á peticionaria M.C.T.B da tarxeta de estacionamento de persoas con minusvalía.
159	19-04-16	Aprobación das cotas - prezo público- por prestacións do servizo de axuda no fogar correspondentes ao mes de marzo de 2016, que ascenden a un total de: 6.130,86€.

160	19-04-16	Aprobación e ampliación de SAF no sistema de dependencia de J.L.F. de 17 horas máis ao mes (ata 70), cunha cuota de 2,01 euros/hora, dende o día 19 de abril de 2016, en base ao informe da traballadora social do Concello.
161	20-04-16	Convocatoria sesión ordinaria da xunta de goberno local 21.04.16.
162	20-04-16	Concedéselle o funcionario JJ. P. F. os días: 26, 27 e 28 de abril de 2016, coma de asuntos propios.
163	20-04-16	Concedénselle o funcionario A. V. H. os días: 20, 21 e 28, 29 de abril de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015).
164	20-04-16	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico.- 24 Exptes.- Importe principal: 3.300,00€; bonificado: 1650€
165	22-04-16	Aprobación dos gastos e autorización dos pagamentos contidos nas relacións anexas á presente resolución baixo os números de relacións contables O/2016/44 a O/2016/51 por un importe bruto de 34.654,72€/mes.
166	25-04-16	Concedéselle o funcionario R.C.B o día 14 de abril de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015)
167	25-04-16	Aprobación no servizo de axuda do fogar polo sistema libre concorrencia cunha intensidade de 22 horas/mes de forma temporal a partir do 29 de abril e cunha cota de 0€ hora; a M.P.G. e J.M.E.T.
168	27-04-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 28.04.16.
169	27-04-16	Aprobación da ampliación de SAF a M.D.I. de 30 horas ó mes ata 70 e cunha cuota de 0,30 euros/hora, a partir do 27 de abril de 2016, en base ao informe da traballadora social do concello.
170	28-04-16	Aprobanse as retribucións dos funcionarios do mes de abril, cun importe bruto de 52.256,36 euros; igualmente do persoal laboral por 5.457,64 euros, e as dos concelleiros a abonar en abril por 3.845, 81 euros.
171	28-04-16	Concedéselle a funcionaria E.L. M. o día: 28 de abril de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015).
172	28-04-16	Aprobación do gasto e autorización de pagamento dunha factura. Importe total: 4299,96€.
173	28-04-16	Aprobase expediente de modificación de créditos (Xeracións de créditos), con un importe total 271.758,88€

174	02-05-16	Concedéselle o funcionario S.M. P. os días: 9,11 e 16 de maio de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2016)
175	02-05-16	Aprobando a extinción do SAF á usuaria M.G.D. conforme á informe- proposta da Traballadora Social do Concello.
176	02-05-16	Polo que se estiman alegacións presentadas polo interesados en 2 expedientes en materia de trafico. Importe total principal: 400€.
177	03-05-16	Aprobando a suspensión temporal do SAF a R.P.R por ingreso hospitalario.
178	03-05-16	Concedéselle ao funcionario S. M. P. o día: 5 de maio de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2016)
179	03-05-16	Concedénselle ao funcionario C. A. G. os días: 13 e 16 de maio de 2016, coma de asuntos propios (correspondente á anualidade de 2015)
180	04-05-16	Aprobase a suspensión do SAF a M.I.P. conforme a proposta da Traballadora Social do Concello.
181	04-05-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 05.05.16
182	04-05-16	Decreto incorporación de dona Gema Leal Insua coma interventora municipal e acordos derivados.
183	04-05-16	Decreto relativo ás eleccións xerais do 26 de xuño, conforme aos artigos 55, 56 e 57 da Lei de Réxime Electoral Xeral: lugares de propaganda e locais oficiais para a realización de actos campaña electoral.
184	05-05-16	Ordenar o pagamento de facturas contidas na relación nº P/2016/15 de importe 34.451,10 euros.
185	06-05-16	Autorizando festas patronais en honor a San Vicente na parroquia de Vilaboa os días 21 e 22 de maio de 2016.
186	06-05-16	Adhesión ao programa da integración laboral da Deputación Provincial (cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais) .
187	06-05-16	Concedéselle ao traballador laboral O. N.M.o día: 12 de maio de 2016, coma de asuntos propios.

O Pleno tomou razón da relación de decretos 4/2016.

4º.- DAR CONTA DE INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA PAGO DE OBRIGAS DO CONCELLO, 1º TRIMESTRE DE 2016.-

Dáse conta ao Pleno do informe de 29 de abril de 2016, sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do concello de Valdoviño previsto na lei 15/2010, de 5 de Xullo, de modificación da lei 3/2004, de 29 de Decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 1º trimestre do ano 2016.

Motiva o Sr. Alcalde a desviación producida nos prazos de pago a provedores na existencia de facturas do período anterior (1º trimestre), así como de facturas de mandatos anteriores.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

5º.- DAR CONTA DE AUTO 00328/2016 DA AUDENCIA PROVINCIAL SECCIÓN N.2 DA CORUÑA (DILIXENCIAS PREVIAS P.A.951/2014).

Adianta o Sr. Alcalde que felicita pola resolución xudicial, para de seguido a Sra. Secretaria resumir o contido:

AUTO: 00328/2016.

Modelo:662000

N.I.G.: 15036 43 2 2014 0002819

Rollo: RT Apelación Autos 0000783/2015 T

Juzgado procedencia: XDO. De instrucción N. 3 de Ferrol

Procedemento de orixe: dilixencias previas proc. Abreviado 0000951/2014.

RECURRENTE: ANA MARIA ABUIN FRAGA, JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO, ANDRÉS PASTOR VIGO ORJALES

Procurador/a: RAFAEL RODRIGUEZ RAMOS, CONSUELO GARCIA GARCIA.

Abogado/a: CRISTOBAL DOBARRO GOMEZ, NATALIA ALAGE RODRIGUEZ

RECURRIDO/A: MINISTERIO FISCAL

LA SECCION SEGUNDA DE LA AUDENCIA PROVINCIAL DE A CORUÑA, CONSTITUIDA POR LOS ILUSTRISIMOS SEÑORES UNA Dª CARMEN TABOADA CASEIRO, D. SALVADOR PEDRO SANZ CREGO Y D. CARLOS SUAREZ- MIRA RODRIGUEZ, Magistrados, ha pronunciado el siguiente auto.

PARTE DISPOSITIVA

LA SALA ACUERDA: desestimar el recurso de apelación interpuesto por la representación procesal de ANA MARIA ABUIN FRAGA y estimar el interpuesto por la representación procesal de JOSE ANTONIO VIGO LAGO y ANDRES PASTOR VIGO ORJALES contra el auto de fecha 10 de Diciembre de 2014, posteriormente ratificado por el auto de fecha 12 de Febrero de 2015 que desestimo el previo recurso de reforma, revocando dichas resoluciones y debiendo dictarse nuevo auto por el que se acuerde el sobre seguimiento libre y archivo de la causa.

Se declaran de oficio las costas causadas en esta alzada.

Notifíquese la presente resolución a las partes personadas, así como al Ministerio Fiscal, informándoles de que contra la misma no cabe interponer recurso ordinario alguno.

Hecho todo anterior, se archivará en Rollo sin necesidad del nuevo proveído.

Así por esto nuestro Auto lo acordamos, mandamos y firmamos.

O Sr. Alcalde, da a palabra ao Sr. Vigo Lago, que di, resumindo, que se lle acusou por prevaricación e que a causa foi arquivada.

A Corporación tomou coñecemento do contido do Auto mencionado.

Antes de entrar na actividade de Control do Pleno, presentase no Pleno via urxencia unha moción do grupo municipal do PP.

/ Neste intre da sesión, 20 horas e 30 minutos, a concelleira Sra. Sabín Fernández abandoa a sesión por motivos persoais, conforme indica o Sr. Alcalde/.

O Sr. Vigo Lago xustifica a presentación polo seu grupo da moción por urxencia pola existencia de subvencións para os tipos de asuntos reflexados na moción.

Reprocha o Sr. Alcalde ao grupo do PP, que non fixeron o que plantexan en anos anteriores e agora pretenden que o faiga o actual grupo nun ano; e di que para algún asunto da moción a convocatoria de subvención xa saíu (Xestión estudos estratéxicos e asistencia técnica para proxectos estratéxicos).

Replica o Sr. García Alonso que non se trata do que se ten feito ou non, senón de a partir de agora e con consenso, facer un Plan Xeral de proxectos.

O Sr. Saavedra Gutiérrez di que van aceptar a urxencia da moción por cortesía, pronunciándose na mesma liña o Sr. Alcalde e a voceira do PSOE Sra. García López.

Votase a aprobación da urxencia da moción e queda aprobada en votación ordinaria e por maioría.

Votos favorables do grupo PP (4) e PSG-PSOE (5 presentes neste intre): 9 votos

Voto en contra do grupo U por V (1 voto)

Abstención do grupo CENVAL (1 voto).

De seguido o Sr. Vigo Lago da lectura da moción que se reproduce literal:

“O voceiro/concelleiro do Partido Popular, Valdoviño, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte

MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS E CONSIDERACIÓNS

Con esta moción preténdese incrementar a cobertura e calidade dos servizos de auga potable e saneamento básico, nas comunidades da área urbana, núcleos rurais e rústicos.

Fortalecer a capacidade operacional dos gobernos municipais e buscar a sustentabilidade dos devanditos servizos. É fundamental que se dispoña de ferramentas apropiadas para a identificación, formulación e avaliación de proxectos de auga potable e saneamento para o ámbito urbano, rural e rústico que a execución dos devanditos proxectos de investimento así como as decisións ao redor deles e as súas características estean sustentadas nos estudos previos necesarios.

O gran reto é lograr que os servizos de auga potable e saneamento que se deriven dos proxectos de investimento público sexan realmente sustentables.

De todos é sabido que a obra recente de bombeo na zona de Golpiño, non debería facerse se a feita anteriormente fose calculada de acordo a un plan global de saneamento e abastecemento, con expectativas de crecemento demográfico dun período suficiente e adecuado, aforrando así unha cantidade importante de diñeiro.

Nas zonas urbanas e de núcleos rurais de Valdoviño, aínda faltan por completar estes servizos e nos rústicos non existen. Sabemos da contaminación que teñen moitos pozos de captación de auga potable debido a fosas sépticas inadecuadas a maioría (Pozos negros). Pola mesma causa a presenza de axentes químicos ou biolóxicos tamén se detecta nos ríos, lagos e outros afluentes.

Por iso entendemos que é preciso ó mais brevemente posible, realizar un proxecto elaborado exclusivamente con criterios técnicos- económicos (similar ao da Casa da Cultura) e metodoloxía de selección de sistemas de depuración, para o conxunto do

municipio nun período maior de cincuenta anos, onde se especifiquen as obras necesarias, e posteriormente realizalas por fases en función do número de habitantes, maior contaminación, subvención ou orzamento.

Na redacción do citado proxecto, entendemos que debería someterse a estudo o bombeo de auga do encoro de Forcadas, aproveitando a enerxía xerada no propio encoro. Existe unha zona elevada onde pode instalarse a depuración e de alí repartirse por gravidade para as catro parroquias Loira, Vilaboa, Pantín, Villarrube e Cobal de Valdoviño. En relación coa instalación de saneamento, para as citadas parroquias, entendemos que é posible a distribución tamén por gravidade das redes con pendente mínima admisible do 2,0%.

Propoñemos que no estudo téñanse en conta sistemas como:

- A canalización de augas residuais por “vacío” ao obxecto de evitar un elevado número de bombeos.
- Instalación de mini-depuradoras cun sistema de “lodos activados de aireación prolongada”, dividido en liñas independentes. A principal característica deste sistema é a dixestión do lodo no propio tanque, con motivo duns altos valores de tempo de retención así como de idade do lodo. A configuración en liñas independentes, permite a adaptación ás necesidades reais, conseguindo deste xeito unha optimización de recursos.

ACORDOS

Primeiro.-

Aproveitando a realización de obras de canalización que implican movementos de terras, modificación de firmes, acabados de rodaxe, reposicións de beirarrúa etc, para executar o proxecto referido e outros, suxerimos a instalación nas gaviás doutras canalizacións en previsión de servizos de electricidade, comunicación, gas, etc., para iso é preciso realizar con criterio técnico- normativos, dun esquema Standard, onde se definan os métodos e as características de distribución na gavía e que sería de obrigado cumprimento no termo municipal de Valdoviño.

Segundo.-

Elaboración dun proxecto global de abastecemento e saneamento para a extensión do conxunto municipal, cun anexo topográfico e xeolóxico onde se definan os contidos mínimos, análises do diagnóstico da situación actual, identificación de problema central que se quere solucionar, as súas causas, os principais efectos e as formas posibles de solucionar formulación das alternativas para avaliar, determinando a demanda e a oferta

dos servizos que brindaría o proxecto, establecer as principais actividades de cada alternativa analizada e os seus respectivos orzamentos desenvolver a avaliación das alternativas expostas a fin de determinar cal delas é a mellor e mais económica, así mesmo realizar a análise de sensibilidade co propósito de determinar o rango de variación aceptable da rentabilidade social do proxecto.

Elixida a alternativa, realizaríase unha análise de sustentabilidade do proxecto e do seu impacto ambiental, presentándose o marco lóxico global da alternativa seleccionada e as conclusións e recomendacións respectivas.

Terceiro.-

Continuar coa formación dos técnicos, xa iniciada na lexislatura anterior e implantar o sistema GIS (Sistema de Información Georeferencia) no Concello, ao obxecto de crear consultas interactivas sobre mapas con información georeferenciada, analizar a información, editala e presentar os resultados de todas estas operacións co fin de resolver os problemas complexos de planificación e xestión no ámbito municipal. Todas as táboas e as clases de entidade utilizadas en GIS deben conter un campo que identifique de forma única cada fila ou entidade. Propoñemos sexa a referencia catastral e se presenten os proxectos ademais de outros sistemas, en GIS.

Valdoviño a dezanove de maio de dous mil dezaseis

Fdo.: José A. Vigo Lago voceiro/concelleiro do Partido Popular de Valdoviño

V.S. Alcalde Presidente Corporación do Concello de Valdoviño”.

DEBATE

Fundamenta o Sr. Vigo que nos anos pasados non se fixo o expresado na moción, porque non se puido facer, precisamente pola falta dun plan global. Porque hai parámetros que é convinte estudar: estudos canalización, aproveitamentos de pendentes....

A culminación dun proxecto global é longa, de anos.

Di que no seu mandato falara precisamente co voceiro do BNG saber desta idea e que estaban dacordo ambos.

O Sr. Beceiro dille ao Sr. Vigo que no mandato pasado non se contou coa minicentral das Forcadas, que a estación bombeo do Golpiño é insuficiente, que na estrada do Trece seguen sen sumidoiro entre outras cousas e que agora se trae esta moción polo PP, cousa que non entende.

Sra. García Alonso.- Claro que é necesario organizar o da auga e o do saneamento. O que se propón é “facer” a partir de agora.

O Sr. Vigo Lago explica que non seguiu adiante co da minicentral, polo que explicou reiteradamente: que non era rendable ao suprimirse as primas.

Fala de proxecto global, de elaborar os proxectos sometidos a estudio para ver a viabilidade.

Reitera que se lle informou polo equipo técnico redator da obra das Forcadas da non rendibilidade da posta en marcha da minicentral; comparando co mesmo que pasa coa enerxía dos eólicos (que eran de Easa), que ao único que lle resulta rendable é a Fenosa, pero non ao Concello. Na minicentral habería que invertir preto de 1.000.000 de euros e o Concello non tería a quen vender enerxía.

Manifesta a Sra. García López que algún parágrafo da moción lle soa a propaganda electoral; porque en 8 anos do goberno do PP non houbo intención para este tipo de proxecto e non entende que agora se traiga ao pleno coma urxente; o que sí, que os grupos da oposición (PSOE, BNG, CENVAL) falaran de sacar adiante ese proxecto e non se lles escoitou.

Di o Sr. Saavedra Gutiérrez que ve pola exposición que fixo, que o Sr. Vigo manexa o tema, pero critica que trouxera a moción por urxencia, cando él non aplicou o que indica na moción tendo ocasión cando gobernou.

Entende o Sr. Vigo Lago que este proxecto global terá que acabar facéndose.

Sinala o Sr. Alcalde, que se aceptou a urxencia da moción, cando realmente non a ten, senón que se trata de demagogia barata; porque nos pasados anos traballaron cun programa non axeitado en abastecementos, cunha mala xestión. Hai que saber cantas altas se executaron en relación a eses bombeos. ¿ Onde está a valoración económica? ¿ Quen fai frente a instalación de zanxas? ¿ Onde está a sustentabilidade das instalacións que se fixeron?

Estamos falando de poñer minidepuradora en Meirás, porque igual a de Valdoviño non ten capacidade.

Replica o Sr. Rodríguez Fernández que sí ten capacidade.

Segue o Sr. Alcalde rexeitando a ampliación do contrato que se lle fixo a Aquagest, porque opina que non procedía.

Respecto á enerxía no pantano (As Forcadas), pode aceptar a idea do Sr. Vigo, se ben as primas eran unha cuestión política, pero o que nunca se debiera facer era a renuncia á concesión porque esa decisión supón tirar contra Valdoviño.

Informa de que saíran as axudas do INEGA agora.

Ademais, tampouco se preocuparon debidamente polo problema de Porto de Cabo, as bombas da Cubeta desapareceron e tivemos que parar outras actuacións indebidas.

É unha moción oportunista polo que votaremos en contra da moción.

Contesta o Sr. Vigo ás críticas do Alcalde, dicindo que cando entrou a gobernar se atopou coas obras de Porto do Cabo e saneamento, todo mal feito, e pasado o prazo de garantía, sen un estudo previo adecuado.

En relación á moción non se impón un criterio concreto, a base da moción é suxerir cousas precisas para redactar un proxecto xeral, con estudos previos e axeitados. E preguntase se nestes catro anos o actual mandato vai facer isto.

Responde o Sr. Alcalde, que sería absurdo facer todo en catro anos e dille ao Sr. Vigo que non confunda “execución” con “redación” de proxectos, ao que contesta o Sr. Vigo que distingue os conceptos perfectamente.

Fala o Sr. García Alonso, quen di que descoñece o método máis adecuado, pero que se require planificación previa, (contando coa posible necesidade de meter tubos, liñas,...). Hai erros de xestión e non importa tanto quen as comete, senón corrixir e traballar todos na mesma dirección a través de consenso.

Invita o Sr. Alcalde a que o PP retire a moción.

Matiza o Sr. Vega que o que escoitou do Sr. García Alonso, o levan proponendo os grupos da oposición dende hai 8 anos; opinando que presentar esta moción ás portas da campaña electoral lle parece bochornoso.

Continúan o debate sobre execución de obras e saneamento e a súa planificación con discrepancias, reiterándose o dito anteriormente tanto polo grupo PP como polo do PSOE.

De novo o Sr. Alcalde propón ao grupo PP a reiterada da moción, quen non acepta a retirada.

En consecuencia, sometese a aprobación a moción resultando rexeitada polo Pleno, en votación ordinaria e por maioría.

Votan a favor os concelleiros do PP (4 votos)

En contra os do PSOE (5 neste intre da sesión) e U POR V (1 voto): 6 votos.

Abstención CENVAL (1 voto)

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O SR ALCALDE informa ao Pleno de:

- No pasado Pleno da Mancomunidade se tratou un problema da Comunidade de Galicia, que é a escasez de socorristas titulados e falta de Centros de Ensinanza de Salvamento. Tíñase a idea de formación de persoas de Valdoviño para posibilitar o seu

traballo nas praias, ben como voluntarios ou remuneradas, pero este propósito veuse cortado polo Goberno Galego.

Valdoviño plantexou a implementación do ciclo de Salvamento, en Ferrolterra, que se aprobou na Mancomunidade (porque actualmente o único sitio en que está implantando é na Estrada).

Engade que as persoas interesadas non van a gastar 1000 euros para acreditarse coma socorristas para traballar despois unicamente dous meses, o que orixina un déficit de persoal para prestar o servizo de socorrismo.

Plantexa ao Pleno a presentación de solicitude á Xunta para que se implante o Ciclo de Salvamento en Ferrolterra, proposta aceptada polos presentes de xeito unánime.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIDOS POR VALDOVIÑO.-

O concelleiro de U POR V, Sr. Bacorelle Robles aborda as seguintes cuestións:

- .- Cámping municipal.

O Sr. Alcalde sinala que houbo que redactar o proxecto eléctrico e contar con estudio económico financeiro; o que provocou retardo. A intención é de aperturar o establecemento neste ano e facer concesión.

Replica o Sr. Bacorelle, entendendo que a planificación do Grupo de Goberno en canto ao cámping non é acertada, pois levan dende o mes de setembro, cando se pechou, sen resolver.

// Neste intre, cando son as 21 horas e 35 minutos, previo anuncio á Presidencia, o Sr. Vigo Lago abandoa a sesión por causas persoais//

- .- No terreo onde se celebraba o feirón estivo durante bastante tempo instalado un circo. ¿ Contase co permiso de todos os propietarios?

Explica o Sr. González Fernández que en principio non se tiñan os permisos precisos, por iso houbo un cambio de datas da actuación, ata que se obtiveron. Que dispoñen por escrito do permiso da propiedade, propiedade que tiveron que investigar (un grupo inmobiliario: Alisea). Que este permiso é de uso e disfrute, se ben os propietarios fan constar a reserva do seu uso en caso de que o necesiten.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CENVAL.-

O concelleiro do grupo CENVAL, Sr. Beceiro Rodríguez, interesase sobre o seguinte:

- .- Gastos da obra e instalación de O Cameleiro.

Informa o Sr. Vega Fernández, que soio en combustible van gastados 180.000€.

- .-¿ Aprobouse o gasto para pagar o da obra e problemas derivados da depuradora de Porto do Cabo? ¿Entrou en funcionamento?

Di o Sr. Alcalde que hai que cambiar as bombas e o Sr. Vega Fdez engade, que a reparación non compensa.

Aclara o Sr. Alcalde que se están minorando os custos

- -. Pregunta sé está posto en marcha o punto de atención á infancia (PAI).

Contesta o Sr. Alcalde que estíbese pendente da autorización de medioambiente (que xa se recibiu) , que houbo que amañar o seu interior para uso infantil; que tamén tardou en chegar a autorización para uso eléctrico, recalcando que a instalación e unha aula de natureza con uso de PAI .

Lembra o Sr. Rodríguez Fernández de que no seu día estaba proxectado instalar torretas, (puntos de observación das aves) con cartos procedentes de fondos europeos , pero que a Consellería desistiu posteriormente.

Concreta o Sr. Alcalde que o uso da instalación, non é exclusivo, que se pode completar, pero non cambiar.

O concelleiro Sr. Beceiro considera que dispoñer destes tipos de instalacións e servizos como o (PAI) é importante para fixar poboación no municipio.

- .- Interesase tamén o Sr. Beceiro pola tramitación dos expedientes de alumeadado publico, contratación do servizo de socorrismo nas praias, caseta de socorrismo,....

Ao respecto, informa o Sr. Alcalde de que os pregos de alumeadado publico se están elaborando; de que o socorrismo está na fase de presentación de ofertas; tamén de que se está traballando para elaboración dos pregos para o servizo de Axuda no Fogar, que do POS vaise publicitar a licitación para a contratación da obra incluída neste Plan .

- .- Pregunta o Sr. Beceiro si se revisou o estado das pistas.

Contesta o Sr. Alcalde que se revisaron polo técnico municipal e que se comprometeron as empresas á facer reparación.

- .- Pide que se esixa aos propietarios do edificio “ O Siroco” a adopción de medidas, en aras da seguridade.

Indica o Sr. Alcalde, que se lles fixo esta advertencia, hai pouco.

INTERVENCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP

O Sr. García Alonso (por ausencia do voceiro do grupo Sr. Vigo Lago), intervén cos seguintes asuntos:

.- Pregunta se a EDAR cumpre

Contesta o Sr. Alcalde que se non cumpre hai que reclamarlle á empresa concesionaria os gastos que procedan, xa que conforme ao contrato, o control do funcionamento correspondelle a “Aquagest” e que a EDAR ten que funcionar cos parámetros esixidos.

- .- ¿ En qué estado se atopa o recurso do cámping, (indicando que pregunta en relación a un informe de intervención de 16.03.16)?

Explica a secretaria que a persoa que levaba a concesión non quería pagar o IPC e que o Concello lle desestimou o recurso presentado, para o que se fixo o informe conxunto pola secretaria e intervención municipal.

Comenta o Sr. Rodríguez Fernández que había unha débeda da concesionaria e di o Sr. Bacorelle, que sí, que estaba en vía executiva segundo se informara neste pleno.

- .- ¿ Cómo se atopa o expediente de mellora de camiños de explotacións agrícolas?

Indica o Sr. Alcalde que este ano, a Consellería modificou as condicións para o Plan de mellora de camiños, vinculando as actuacións á existencia de explotacións agrícolas.

Que primeiro solicitaron información á Consellería, que algunha proposta inicial non prosperaba por supor inversión inferior a 6000€ como no Coval. Teñen que ser camiños que estean en mal estado, onde hai explotacións agrícolas, e ademais que os tramos de amaño requiran certa inversión, porque ás veces son curtos e non dan os metros.

O Sr. Alcalde e o Sr. Vega enumeran os camiños incluídos no Plan da Consellería, sitios en Loira, Vilaboa e masas comúns en Sequeiro.

- .- ¿Qué se sabe da denuncia presentada en relación ás bombas da Cubeta?

Está investigando a Garda Civil este asunto, responde o Sr. Alcalde.

- .- ¿A que actuacións se refire un escrito de Costas datado o 17.03.16?

Segundo o Sr. Alcalde, debe ser un escrito referido a que o Concello insta a Costas para que execute actuacións nas praias, cuestión para o que houbo unha reunión con Rafael Eimil (Este Organismo ten agora mesmo un problema de sinatura de documentos, derivado da situación política actual)

Pregunta a Sra. Freire Aneiros se o escrito que cita o Sr. García Alonso non será referente ás bandeiras azuis.

Opina o Sr. Alcalde, que puidera ser. A propósito das praias, informa de que o Concello está facendo todo o posible para o seu mantemento, pero que en marea alta vai desaparecer parte da área en algunhas delas como en Pantín e Campelo.

Pregunta Sra. Freire Aneiros se o derrubo na praia de Campelo non supón un perigo.

Di o Sr. Alcalde que efectivamente, pero que é inevitable, porque é debido a causas naturais, e que é un tema que pertence a Costas.

Informa de que en relación á bandeira azul xurdiu un problema por denuncia que fixo unha Asociación, pero que se foi ao sitio para comprobación, se deu contestación e se solventou, e concederon a bandeira.

O Sr. García Alonso alude ao problema da ponte da zona da praia de Pantín, indicando o Sr. Alcalde que falou con Costas, e que non o van demoer, aínda que sí correxir a baixada.

O Sr. Rodríguez Fernández di que xa no anterior mandato o Concello pedirá a eliminación das escaleiras de esa ponte é a súa adecuación.

- .- Continúa a intervención o Sr. Esteban García, preguntando en qué consiste o curso de memoria histórica.

Expresa o Sr. Alcalde que o curso faise a través de axudas solicitadas á Deputación.

A Sra. García López di que o curso se encadra no programa de envellecemento activo, para o que se dispón de 3000€; que se fai tras decisión técnica e política, e apuntado a unha descentralización de actividades, polo que se desenvolve en Pantín, con 23 persoas apuntadas ao mesmo e que comprende musicoterapia para persoas maiores de 55 anos e narracións, relatos de persoas maiores.

- .- ¿Fíxose o contrato novo de música?

Di o Sr. Alcalde que se vai a facer

.- Pregunta o Sr. Rodríguez Fernández acerca da concesión e funcionamento do pavillón de Longoiro.

Responde o Sr. Alcalde que o concello pediu subvención para actuacións no pavillón e que concederon 12000€, polo que se van facer algúns amaños máis coma liberar a auga cara ó exterior, drenaxe e conexión do pavillón ao saneamento municipal.

En canto ao funcionamento, imos ver o que se fai, trala contratación de técnico municipal que se está facendo nestes días.

.- Pregunta a Sra. Freire Aneiros que si se pecha o pavillón, rematada a concesión.

Responde o Sr. Alcalde que non.

- .- O Sr. García Alonso pregunta cómo é que se incluíron as praias de Valdoviño como naturais.

Opina o Sr. Alcalde que neste senso, Valdoviño está prexudicado, pola decisión da Consellería, porque a Xunta ten que propoñer as praias como naturais ou coma urbanas e determinou a clasificación das de Valdoviño, de todas, como naturais (porque teñen algún tipo de conservación e protección); o que provoca que non podemos dotar de servizos as praias coma quixeramos, así, os establecementos e instalacións deben manter unha distancia entre eles de 300 metros o que inflúe por exemplo para as instalacións de temporada, ademais de delimitar outras actuacións das praias, aínda que o Concello actuará na medida do posible coma no desbroce da vexetación circundante ás praias.

Outras limitacións nas praias son debidas a propósito de conservar especies en vías de extinción.

Foi decisión directa da propia Dirección Xeral a clasificación das praias de Valdoviño como naturais.

Non hai mais asuntos, polo que o Alcalde – Presidente anunciou o remate desta sesión plenaria que queda levantada, ás dez horas e trinca e cinco minutos, e da que eu Secretaría, estendo a acta e CERTIFICO,

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria,